

PRESENTACIÓN:

A Biblioteca do IES de SANXENXO forma parte dende hai tres anos do PLAN de MELLORA de BIBLIOTECAS ESCOLARES GALEGAS, promovido pola Consellería de Educación o que supón unhas aportacións económicas importantes que fixeron posible levar a cabo unha serie de cambios no equipamento e na renovación dos fondos bibliográficos, ademáis de promover actividades e proxectos que inciden na formación do alumno e que implican a toda a comunidade educativa.

- Premio Irmandade do libro 2007 (modalidade centros de ensino)
- Premio á innovación educativa (Plan anual de lectura do centro 2008)
- Premio “abril dos libros” 2008 (compartido cos Dptos de Actividades Complementarias, Normalización e Dpto Hª)

Máis información

<http://bibliotecaiesanxenxo.blogspot.com/>

Contacto

ies.sanxenxo@edu.xunta.es

bibliotecaieissanxenxo81@gmail.com



XORNADAS DE PORTAS ABERTAS

IES de SANXENXO

3-5 febreiro 2009

Cóñece a túa biblioteca

Descubre o que che ofrecemos

É o servizo que o Instituto pon a túa disposición para axudarte nas túas necesidades de estudo e formación.

DESCUBRE O QUE CHE OFRECEMOS

- Na biblioteca atoparemos libros, a prensa diaria, revistas, películas, música... para disfrutar cos amigos ou en soedade.
- Para buscar un documento cada andel ten á vista o nome da materia e o número da **CDU** correspondente. Dentro de cada materia os libros están ordenados alfabéticamente por autor.
- Cando un libro entra na biblioteca é selado, clasificado e rexistrado. O número de rexistro individualiza o libro e atópase na primeira páxina e no código de barras da contraportada.
- Tódolos libros da biblioteca pódense consultar. Unha vez consultado é necesario devolvelo ó seu lugar exacto.
- Podes utilizar os seus servizos de luns a venres en horario escolar.

OS NÓSOS RECURSOS:

- Unha **sala de consulta e lectura** con materiais en libre acceso.
- Unha sala con libros de **AUTOPRÉSTAMO para as familias**.
- **Seccións de documentación específica:** (bibliotecas de aula)
- **Recursos electrónicos e informáticos** con acceso a internet.
- **Mochilas viaxeiras** para as aulas na Hora de Ler (lecturas para descubrir)
- **Maletas viaxeiras** para as familias (lecturas para compartir)
- **Bibliografía recomendada** polo teu profesorado.
- **Catálogo en rede** para consultas e reservas: www.opacmeiga.rbgalicia.org
- **Blog da Biblioteca:** información e difusión das actividades relacionadas co libro e a lectura.
- **Un equipo de persoas** a túa disposición.

OS NÓSOS SERVIZOS:

- Acceso informatizado aos fondos documentais. Máis de 7.900 volúmenes.
- **Préstamo informatizado** de libros, DVD, CD-ROM... que poderás levar con presentar o carné do centro.
- Información documental e sesións informativas sobre os recursos e servizos da BE.
- Podes suxerir a compra dun libro. A biblioteca valorará as túas propostas e tramitará a súa adquisición.
- Acceso a mostras de traballos realizados polo alumnado.
- Organización de actividades (certame literario, club lectura...)
- Difusión da información e novidades a través de taboleiros de anuncios, guías boletíns e o blog: <http://bibliotecaiesanxenxo.blogspot.com/>